



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2025.
EXPEDIENTE Nº 2025/A002/000004.**

1. Finalidade e obxecto.

O obxecto desta convocatoria vén a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A finalidade destas bases e da convocatoria correspondente é a promoción e fomento do deporte, subvencionando actividades realizadas no Concello de Cee, coa finalidade de apoiar ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, fomento do deporte base, deporte para todos e organización de eventos deportivos.

2. Beneficiarios.

Entidades deportivas legalmente constituídas, inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións, ter o seu domicilio social e desenvolver as súas actividades no Concello de Cee.

3. Crédito orzamentario.

No Orzamento Municipal para o ano 2025 aprobose, polo Pleno Municipal, a partida orzamentaria 340/489.00 cunha consignación de 20.100 €.

4. Requisitos para solicitar a subvención.

Entidades deportivas legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións no momento da solicitude.
- Ter o domicilio social e desenvolver as súas actividades no termo municipal de Cee.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Cee para o mesmo obxecto para o que se solicita subvención, e no caso de non xustificar a totalidade do importe concedido renunciarase á parte restante.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias (ATRIGA, AEAT, Seguridade Social e Concello).
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

5. Solicitudes

As solicitudes formalizaranse nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/sxc/es/procedimientosytramites/index.html#subvenciones>

- **Anexo 1.** Solicitud de subvención.
- **Anexo 2.** Certificación do nº licenzas deportivas menores de 18 anos (federativas e/ou escolares do Programa Xogade de deporte en idade escolar) así como do nº licenzas maiores de 18 anos. *(Expedida pola federación deportiva correspondente ou pola entidade organizadora do Programa Xogade de deporte en idade escolar).*
- **Anexo 3.** Declaración indicando a organización prevista de actividades físico-deportivas propias e en colaboración nas promovidas polo Concello de Cee.

Calquera eiva, erro ou ausencia na documentación requirida terá que ser emendada nun prazo máximo de dez días hábiles.

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude coma na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda ou subvención solicitada ou reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

6.1. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cee en horario de 9:00 a 13:30 horas de luns a venres, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

6.2. Aprobada a convocatoria, deberá presentarse na BDNS, seguindo o procedemento establecido ao efecto no artigo 20.8 la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, desenvolvido no artigo 6 do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo.

Inmediatamente antes da publicación no oportuno diario oficial, deberá rexistrarse a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación. A eficacia da convocatoria producirase coa publicación do extracto no diario oficial.

A BDNS publicará a convocatoria no seu sitio web unha vez que poña a disposición do diario oficial o extracto correspondente ou inmediateamente que reciba a información no resto de casos.

Calquera modificación da convocatoria xurdida con posterioridade ao seu rexistro na BDNS deberá ser tramitada nos mesmos termos previstos para as convocatorias; a



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

BDNS mostrará publicamente o texto de cada convocatoria e as súas modificacións posteriores.

O diario oficial será o que a estes efectos indique o órgano convocante. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que asigne a BDNS á convocatoria. O extracto non poderá conter información que non sexa recollida no texto da convocatoria.

O órgano responsable de fornecer a información necesaria para a correcta publicación será a Intervención ou o órgano que a estes efectos sexa designado pola Corporación.

6.3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial da Coruña. Para este efecto, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

7. Comisión avaliadora.

A valoración das solicitudes e documentación achegada se efectuará por unha Comisión Avaliadora composta por:

- Presidente: Manuel Calo Canosa (técnico de deportes) ou funcionario/persoal laboral en quen delegue.
- Secretario: Juan Carlos Santabaya Louzán (técnico local de emprego) ou funcionario/persoal laboral en quen delegue.
- Vogal: Víctor Manuel Castiñeira Castro (técnico de xestión-Cultura) ou funcionario/persoal laboral en quen delegue.

8. Gastos subvencionables e criterios de avaliación.

8.1. Gastos sufragables.

Son aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

- Licenzas federativas.
- Seguros deportivos e outros seguros contratados, relacionados coa actividade deportiva.
- Gastos de participación en competicións deportivas (inscricións).
- Gastos de arbitaxes.
- Gastos relacionados co aluguer de medios de transporte, utilizados para asistir a competicións.
- Arrendamentos e prezos (material deportivo, vehículos, instalacións deportivas, etc.).



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

- Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade (lavandería, servizo médico-ambulancia, fisioterapia, seguridade, etc.).
- Material deportivo non inventariable (balóns, roupa/vestimenta deportiva, etc.).
- Publicidade e propaganda.
- Produtos básicos de farmacia/caixa de urxencias.
- Soldos e salarios (técnico/a deportivo/a, adestrador, fisioterapeuta, preparador/a físico, monitor/a deportivo, xestor/a deportivo, etc.).
- Seguridade Social por conta da entidade (técnico/a deportivo, adestrador/a, fisioterapeuta, preparador/a físico, monitor/a deportivo, xestor/a deportivo, etc.).

8.2. Gastos non sufragables.

Son aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada.

- Material deportivo inventariable (porterías, canastras, etc.)
- Gastos financeiros e os de xestión.
- Gastos de adquisición de bens destinados á venda.
- Gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, comidas protocolarias, trofeos e medallas, gastos en galas ou celebracións, etc.).
- Gastos derivados de viaxes de ocio.
- Gastos suntuarios.

8.3. Criterios de Valoración.

a. Criterios xerais.

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía-Presidencia.

A cantidade ou importe máximo a percibir por unha mesma entidade será de 6.500 €.

Esta subvención é compatible con outras axudas de entidades públicas ou privadas, agás as subvencións nominativas concedidas polo Concello de Cee. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

b. Criterios específicos.

Para a valoración das solicitudes teranse en conta os criterios específicos seguintes:

Nº	CRITERIOS	PUNTUACIÓN
b.1	Número de licenzas deportivas menores de 18 anos (federativas e/ou escolares programa Xogade da Xunta de Galicia).	0,8 puntos por licenza ata un máximo de 200 puntos
b.2	Número de licenzas deportivas maiores de 18 anos.	0,1 puntos por licenza ata un máximo de



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

		200 puntos.
b.3	Antigüidade no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia	1 punto por ano ata un máximo de 100 puntos.
b.4	Organización de actividades físico-deportivas propias.	5 puntos por actividade ata un máximo de 10 puntos.
b.5	Colaboración na organización de actividades físico-deportivas promovidas polo Concello de Cee.	5 puntos por actividade ata un máximo de 10 puntos.

b.1. Número de licenzas deportivas menores de 18 anos (federativas e/ou escolares programa Xogade Xunta de Galicia).

Puntuación: 0,8 puntos por cada licenza ata un máximo de 200 puntos.

b.2. Número de licenzas deportivas (federativas) maiores de 18 anos.

Puntuación: 0,1 puntos por cada licenza ata un máximo de 200 puntos.

b.3. Antigüidade no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Puntuación: 1 punto por ano, ata un máximo e 100 puntos.

b.4. Organización de actividades físico-deportivas propias.

Puntuación: 5 puntos por actividade físico-deportiva ata un máximo de 10 puntos.

Entenderanse por actividades físico-deportivas que se realicen no termo municipal durante o 2025:

- Escolas e/ou campus deportivos cunha duración mínima de 5 días.
- Campionatos ou ligas deportivas non federadas cunha duración mínima de 5 días.

O incumprimento da previsión de eventos ou actividades deportivas a organizar indicados na solicitude, dará lugar a unha redución no importe da subvención dun 40%.

b.5. Colaboración na organización de actividades físico-deportivas promovidas polo Concello de Cee.

Puntuación: 5 puntos pola colaboración en actividades físico-deportivas puntuais ata un máximo de 10 puntos.

Entenderase a colaboración nos seguintes termos:

- *Carreira Pedestre Concello de Cee 2025 (prevista no mes de xullo):* recursos humanos para apoio loxístico como a atención ás mesas de recollida de dorsais, zonas de avituallamento intermedio e final, apoio no desenvolvemento xeral das diferentes probas, etc.
- *Día do Deporte na Rúa Concello de Cee 2025 (previsto no mes de xullo):* recursos humanos e/ou materiais para o desenvolvemento dunha estaxe dirixida polo propio club.
- *Día da Bicicleta Concello de Cee 2025 (previsto no mes de xullo-agosto):* recursos humanos e/ou materiais, para apoio loxístico no desenvolvemento xeral do evento, etc.

O incumprimento da previsión de eventos ou actividades deportivas a colaborar indicados na



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

solicitud, dará lugar a unha redución no importe da subvención dun 40%.

9. Procedemento de avaliación de solicitudes.

A efectos de asignar os fondos, procederase a calcular a puntuación de cada unha das entidades solicitantes de acordo cos límites de puntuación máxima fixados.

O reparto farase proporcionalmente ao peso da puntuación acadada por cada entidade sobre a suma total da puntuación de todas as solicitudes presentadas.

10. Acordo de concesión e notificación.

Elaborada a proposta de concesión pola comisión técnica, darase traslado á Intervención a efectos da súa fiscalización previo acordo de concesión.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

11. Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

- a. Realizar as actividades propostas. Os cambios deberán comunicarse previamente á súa xustificación para seren admitidos.
- b. Presentar as contas xustificativas e destinar as axudas aos fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta.
- c. Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.
- d. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e. Facer constar a colaboración do Concello de Cee en calquera comunicación ou publicación das actividades desenvolvidas así como a información ou material de promoción deportiva da entidade (para o obxecto subvencionado) tendo que incluír o logotipo do Servizo de Deportes Municipal ou ben do Concello de Cee (*carteis, impresos, anuncios, roupa/vestimenta deportiva, soportes electrónicos e audiovisuais, etc.*)
- f. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- g. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuíamento civil.

12. Xustificación e pagamento.

12.1. Consideracións xerais.

A documentación presentárase no rexistro xeral do Concello de Cee en horario de 9:00 a 13:30 horas de luns a venres, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

Consonte ao artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique:

- a. Sexa igual ou superior ao importe concedido, aboarase o 100% da subvención.
- b. Sexa inferior ao importe concedido, fixado como límite o 50%, aboarase unicamente o gasto xustificado, véndose minorada a cantidade a percibir.
- c. Sexa inferior ao 50%, no se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade algunha.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concurrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

12.2. Prazo de xustificación.

O prazo de presentación dos xustificantes rematará o **31 de outubro de 2025**, se ben antes de rematar o prazo, poderase ampliar por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido (inicial ou prorrogado), comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia.



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

En calquera caso, o 31 de decembro de 2025, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.

O Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información sexa requirida polo responsable da tramitación.

12.3. Documentación xustificativa a presentar:

A xustificación formalizarase nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/sxc/es/procedimientosytramites/index.html#subvenciones>

- **Anexo 4.** Solicitud de aboamento da subvención concedida 2025.
- **Anexo 5.** Declaración doutras axudas 2025.
- **Anexo 6.** Orzamento de ingresos e gastos 2025.
- **Anexo 7.** Memoria de actividades 2025.
- **Anexo 8.** Relación clasificada de gastos presentados 2025.
- **Documentación complementaria:**
 - Certificado da conta bancaria da entidade deportiva.
 - Certificados de estar ao corrente coa ATRIGA, AEAT, Seguridade Social e Concello de Cee (*estes tres últimos consultaranse de oficio pola entidade local, non sendo precisa a súa presentación*).
 - Facturas ou documentos orixinais polo importe concedido e xustificantes bancarios do seu pago. (*No caso de presentar os gastos de persoal como xustificantes será preciso xuntar: contrato en vigor, informe de vida laboral, nóminas e TC2 Seg. Social*).
 - Acreditación do uso do logotipo do Concello de Cee (ou do servizo de deportes municipal) en cartelería, roupa/vestimenta deportiva, web, redes sociais, outras.

13. Publicación.

A documentación relacionada con este procedemento de concesión de subvencións para actividades deportivas mediante concorrencia competitiva Concello de Cee 2025, publicarase no Taboleiro de anuncios municipal na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/sxc/es/informacion/tablon>

Da documentación que se publique no Taboleiro de anuncios, realizarase así mesmo publicación, con carácter meramente informativo, na páxina web municipal: www.cee.gal

A data de publicación na Sede electrónica municipal será a determinante a efectos dos distintos cómputos de prazos de presentación de subsanacións, alegacións ou recursos.



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

14. Información básica sobre o tratamento de protección de datos de carácter persoal.

De acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais achegados polas persoas interesadas, infórmase que:

O Concello de Cee con CIF P1502300E e dirección en Domingo Antonio de Andrade s/n 15270, Cee (A Coruña) é o responsable do tratamento.

A finalidade para o tratamento de datos persoais é a xestión e posterior concesión de subvencións municipais para actividades deportivas mediante libre concorrência competitiva, de acordo con os principios de obxectividade, publicidade, libre concorrência e igualdade, así como a tramitación deste procedemento, verificación dos datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven, así como informar sobre o estado de tramitación.

As bases de lexitimación para o seu tratamento son as seguintes: 6.1.e) O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigacións legais impostas a devandito responsable, artigo 6.1. c), do RGPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. En concreto, a competencia e obrigacións previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión do procedemento de selección como a xestión de solicitudes e os actos de instrución. 6.1. c) Terán como base de lexitimación o cumprimento dunha obrigación legal os seguintes tratamentos en relación coas normas que se citan a continuación:

- a) As publicacións realizadas con efectos de notificación de acordo con as normas do procedemento.
- b) Lei 38/2003, do 17 de novembro , xeneral de subvencións.
- c) As publicacións realizadas en páxina web do Concello e o taboleiro de anuncios esixibles pola Lei 19/2013, do 9 de decembro , de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Os datos poderán ser comunicados ao Ministerio de Facenda e das administracións públicas, intervención xeral da administración do estado, axencia estatal de administración tributaria, tesourería xeral da seguridade social, servizo público de emprego estatal, entidades bancarias e base de datos nacional de subvencións. Así mesmo, publicaranse a relación de asociacións beneficiarias no portal de transparencia, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web nos termos que marca a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro , de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Concello de Cee



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
deportes@cee.gal
www.cee.gal

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido ao Concello de Cee na dirección arriba indicada ou a través da sede electrónica do propio concello.

Así mesmo, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@cee.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello de Cee incluíndo petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte ligazón <https://cee.gal/gl/privacidade/>